

A Constitución Española, establece, no seu artigo 44, que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso à cultura, à que todos teñen dereito. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4, alínea 2, dispón que os poderes públicos de Galicia facilitarán a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social. O Manifesto da UNESCO sobre a Biblioteca Pública e a Carta do Libro define a biblioteca pública como o principal medio de fornecer a todos acceso ao tesouro do pensamento e das ideas humanas, así como às criacións do home, constituíndose nunha institución democrática de ensino, cultura e información.

Corresponde à Xunta de Galicia, dacordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, no artigo 27, alínea 18, a competencia exclusiva en materia de bibliotecas que non sexan de titularidade estatal. Por tanto, a finalidade da presente Lei é desenvolver, en cumprimento do mandato constitucional e estatutario, e nos termos previstos polo lexislador, o acceso à cultura en condicións de igualdade para todos os cidadáns através da lectura, función que se considera primordial entre as encomendadas às bibliotecas obxecto da presente Lei, así como o coñecemento dos bens do noso patrimonio bibliográfico nelas custodiado.

Co fin de facer efectivo todo o enunciado máis arriba díctese a presente Lei, que establece as liñas xerais do que ha de ser o sistema bibliotecario de Galicia, que se concibe como un todo aos efectos de xestión, planificación e interconexión, ofrecendo a oportunidade de levar a cabo unha política coherente en materia de bibliotecas que garanta, finalmente, o dereito de todos os cidadáns galegos à cultura.

Dacordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo no nome de El-Rei a Lei de Bibliotecas.

TÍTULO I.

CONCEITO, ÁMBITO E FUNCIÓNS DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA.

Artigo 1.

1. Para efectos da presente Lei, enténdese por biblioteca pública en Galicia un centro cultural no que se reúne un conxunto organizado de libros, publicacións periódicas, rexistros sonoros e audiovisuais, ou calquer outro soporte de conservación e reprodución de textos, ubicado en determinados recintos fixos ou móbiles para a súa utilización polo público, cuxa finalidade é contribuir cos medios técnicos e personal axeitado, esencialmente, ao exercicio do dereito à cultura e información, à difusión e fomento da lectura, ao arriquecemento do tempo de lecer e à promoción e difusión da lingua e da cultura galegas.
2. A Xunta de Galicia deberá fomentar a creación das bibliotecas que requiran as necesidades sociais e culturais específicas de Galicia, debendo procurar a conservación e mellora das bibliotecas existentes.
3. Os poderes públicos de Galicia arbitrarán as fórmulas necesarias para criar e manter un adecuado sistema bibliotecario que preste un servizo gratuito. Poderán, no entanto, correr ao cargo do usuario aqueles servizos que xeren gastos ou traballos especiais.

Artigo 2.

1. Quedan comprendidas no ámbito desta Lei:
 - a) As bibliotecas de titularidade e uso público, que son as criadas e mantidas por organismos públicos, agás as de titularidade estatal e sen prexuízo do previsto na disposición final terceira.
 - b) As bibliotecas de titularidade privada e uso público con un rexime de funcionamento establecido dacordo cos organismos competentes da Xunta de Galicia, en virtude de convenio e en razón do interese público destas bibliotecas.
 - c) As bibliotecas privadas que, mediante convenio entre a Xunta de Galicia e os propietarios, podan ser accesábeis a un uso público especializado.
2. As bibliotecas citadas na alínea anterior serán sometidas à inspección, tutela e coordinación, segundo proceda, da Xunta de Galicia, a cal haberá de adoptar as medidas necesarias para asegurar o seu correcto funcionamento. Os fondos de las bibliotecas às que se refire a presente Lei forman unha

unidade de xestión ao servizo da comunidade galega. En consecuencia deberá manterse un servizo de empréstito interbibliotecario, ao servizo do lector, entre as bibliotecas ás que se refire esta Lei.

Artigo 3.

1. Son funcións das bibliotecas de Galicia:
 - a) Oferecer ao público un conxunto organizado de fondos bibliográficos e audiovisuais que permitan a formación cultural e a atención das necesidades de información dos cidadáns.
 - b) Conservar e enriquecer o patrimonio bibliográfico.
 - c) Fomentar o uso e cooperación mediante o troco de información, adquisicións e empréstitos.
 - d) Fomentar a cooperación interbibliotecaria mediante o troco de información, a coordinación de adquisicións e os empréstitos.
2. A Xunta de Galicia haberá de establecer e manter actualizado un rexisto de bibliotecas que empresten servizo público en Galicia, así como dos seus fondos e servizos. Así mesmo, clasificará as bibliotecas segundo a poboación servida, os servizos nos que contén e a importancia dos seus fondos

TÍTULO II.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SISTEMA BIBLIOTECARIO DE GALICIA.

Artigo 4.

O sistema bibliotecario de Galicia fica constituído do seguinte modo:

- a) Órgaos: Os servizos bibliotecarios dependentes da Consellería de Cultura e Deportes, o Consello de Bibliotecas e os Centros Territoriais de Bibliotecas.
- b) Centros bibliotecarios: O Centro Superior Bibliográfico de Galicia e outros centros bibliotecarios que entren no ámbito da presente Lei.

Artigo 5.

1. A Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura e Deportes, se ocupará do estudo da planificación da programación das necesidades, do informe, apoio e inspección técnica, da proposta de distribución de créditos e da coordinación do funcionamento das bibliotecas que se integren non sistema.
2. A Xunta de Galicia establecerá as normas reguladoras da estrutura e funcionamento do sistema bibliotecario, así como os regulamentos polo que haberán de se rexer os organismos e os centros bibliotecarios mencionados no artigo 4º.

Artigo 6.

1. O Consello de Bibliotecas é un órgano consultivo e asesor da Xunta de Galicia en materias relacionadas co sistema bibliotecario.
2. O Consello de Bibliotecas estará presidido polo Conselleiro de Cultura e Deportes, sendo o seu vicepresidente o Director Xeral de Cultura. Formarán parte do mesmo en calidade de vocais natos o Subdirector Xeral do Libro e Bibliotecas e o Director do Centro Superior Bibliográfico de Galicia. Serán tamén vocais:
 - a) Catro membros designados pola Comisión 4.ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia, entre persoas de recoñecido prestixio non ámbito cultural.
 - b) Un membro designado polo Consello da Cultura Galega. Actuará como secretario do Consello de Bibliotecas, con voz e con voto, o titular do Servizo de Bibliotecas da Consellería de Cultura e Deportes. Os membros sinalados nos apartados a) e b) terán un mandato non superior ao da lexislatura na que fosen nomeados e poderán ser reeleixidos.
3. Serán funcións do Consello:
 - a) Actuar como órgano de información, consulta e asesoramento do sistema bibliotecario de Galicia.
 - b) Coñecer o programa de actuación e distribución de fondos económicos destinados ao sistema bibliotecario.
 - c) Coñecer e informar, non seu caso, o programa anual de mellora, ampliación e coordinación dos centros bibliotecarios de Galicia.
 - d) Proponer a creación de bibliotecas naqueles ámbitos onde sexa necesario para o cumprimento dos fins propostos na presente Lei.
 - e) En xeral, caisquer outras funcións que lle asigne a normativa vixente.

4. O Consello de Bibliotecas reunirse, en sesión ordinaria, alomenos unha vez cada seis meses, sendo convocado polo presidente con dez días de antelación. Na convocatoria precisarase a orde do día, lugar e data de celebración. O Consello ficará constituído cando concurra a maioría das súas compoñentes en primeira convocatoria e con calquer número de asistentes en segunda convocatoria. Os acordos tomaranse por maioría de votos, dirimindo as igualadas o voto do presidente. O Consello poderá ser convocado polo presidente, en sesión extraordinaria, cando o estime conveniente ou ben a petición da metade mais un dos seus compoñentes, cos mesmos requirimentos de convocatoria, constitución e adopción de acordos establecidos para as sesións ordinarias.

Artigo 7.

1. Os Centros Territoriais de Bibliotecas son órgaos de orientación e coordinación do funcionamento da rede bibliotecaria.
2. Os Centros Territoriais de Bibliotecas estarán presididos polo Delegado da Consellería de Cultura e Deportes, sendo o seu vice-presidente o Xefe da Área de Cultura da Delegación.
Os vocais serán os seguintes:
 - Dous bibliotecarios en representación dos bibliotecarios das bibliotecas públicas municipais.
 - Dous representantes dos Concellos que contén con biblioteca pública.
 - Un representante das asociacións profesionais mais representativas do sector.
 - O Director da Biblioteca Pública Provincial.
 - Un representante da Deputación Provincial.
 - Actuará como secretario, con voz e con voto, un funcionario, técnico en bibliotecas, designado polo Delegado de Cultura e Deportes.
3. Serán funcións dos Centros Territoriais de Bibliotecas:
 - a) Orientar e fomentar o desenvolvemento das bibliotecas dentro do seu ámbito.
 - b) Coordinar o funcionamento das bibliotecas da rede.
 - c) Coñecer e aprobar os presupostos anuais da bibliotecas da rede, de acordo co establecido no artigo 16.2 desta Lei.
 - d) Repartir os fondos procedentes das aportacións da Xunta de Galicia e de outros organismos entre as bibliotecas da rede provincial segundo os criterios que os propios centros establecerán de acordo coas directrices xerais do Consello de Bibliotecas da Xunta de Galicia.
 - e) Servir de apoio técnico ás bibliotecas.
4. Os Centros Territoriais de Bibliotecas reuniranse alomenos unha vez por trimestre nos termos previstos no artigo 6.4 para o Consello de Bibliotecas.

Artigo 8.

O Centro Superior Bibliográfico de Galicia terá como funcións propias, sen prexuízo das que se lle podan atribuír, por outras disposicións, as seguintes:

- a) Recoller, conservar e difundir o patrimonio bibliográfico de Galicia e toda a produción impresa, sonora, audiovisual e informática que se realice en Galicia. Para tal fin recibirá, alomenos, un exemplar das obras suxeitas a depósito legal. O Centro Superior Bibliográfico de Galicia terá preferencia en caso de reasentamentos ou de depósitos de fondos procedentes de outras bibliotecas. Tamén reunirá e conservará toda a produción impresa, sonora, audiovisual e informática en galego e en outras linguas, realizada fóra de Galicia pero referente a ésta ou de especial interese para Galicia.
- b) Exercer as competencias da Xunta de Galicia en materia de xestión do depósito legal e de rexistro da propiedade intelectual.
- c) Elaborar e difundir a información bibliográfica sobre a produción editorial galega, actual e retrospectiva.
- d) Elaborar e ser depositario do Catálogo Colectivo de Galicia.
- e) O Centro Superior Bibliográfico de Galicia deberá contar con un sistema de consulta do seu catálogo xeral, que será accesábel, de modo eficaz, desde os distintos centros bibliotecarios do sistema.
- f) Establecer relacións de colaboración e troco con outros sistemas bibliotecarios nacionais e estranxeiros.
- g) A Consellería de Cultura e Deportes determinará a composición, funcionamento e dotacións materiais e persoais deste Centro.

Artigo 9.

1. A Xunta de Galicia establecerá convenios cos Concellos e outros organismos públicos e privados para criar e manter servizos bibliotecarios e bibliotecas públicas suficientes, de acordo coa normativa vixente. A estes efectos poderá establecer convenios cos Concellos, para que todos os núcleos de poboación de máis de 2.000 habitantes conten con unha biblioteca aberta ao público, que poderá ser a do colexio público ou a de outros entes de carácter público. Aqueles núcleos con menor volume de habitantes estarán atendidos por un subsistema de bibliotecas móbeis ou axencias de lectura.
2. A Xunta de Galicia velará para que nas cidades de máis de 50.000 habitantes se establezan redes bibliotecarias, que contarán con unha biblioteca nodal que coordinará e dará soporte aos diversos puntos de servizo da cidade, así como para que non haxa nengunha bisbarra sen unha biblioteca pública como mínimo.
3. A Xunta de Galicia poderá ubicar en ámbitos menores tantas bibliotecas como sexa necesario para actuar como cabeceras de redes comarcais, mancomunidades, urbanas, parroquiais ou de calquera outro tipo. Sen prexuízo de que se podan crear centros hemerográficos ou hemerotecas de carácter específico xeral, a Xunta de Galicia deberá velar para que en cada bisbarra exista unha biblioteca, como mínimo, que conte con un servizo que se encargue da recollida, clasificación e conservación de todo o material hemerográfico publicado non correspondente ámbito xeográfico.
4. A Xunta de Galicia estimulará a coordinación entre bibliotecas dos municipios dunha bisbarra en orde a unha mellor optimización dos recursos.

TÍTULO III

DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS, DA COLABORACIÓN E DA COOPERACIÓN INTERBIBLIOTECARIAS

Artigo 10.

1. A Xunta de Galicia velará para que os servizos bibliotecarios, non seu conxunto, podan atender a grupos específicos de usuarios.
2. A Xunta de Galicia establecerá as normas polas que se fixarán os servizos que emprestarán as bibliotecas e as características e cualificación do persoal, os locais, os fondos bibliográficos e os horarios de apertura ao público.
3. As bibliotecas públicas reunirán as condicións necesarias encanto a locais e instalacións, e disporán de fondos, servizos e persoal de acordo coa poboación á que teñen que servir. Haberán de contar, alomenos, cos seguintes servizos e seccións:
 - Lectura en sala
 - Empréstimo a domicilio.
 - Publicacións periódicas.
 - Sección infantil e xuvenil.
 - Sección local.
 - Información.
4. As axencias de lectura haberán de contar, alomenos, cos seguintes servizos e seccións:
 - Empréstimos a domicilio.
 - Sección infantil e xuvenil.
 - Información.
5. As bibliotecas móbeis contarán cos servizos de información e de empréstimo a domicilio.

Artigo 11.

A Xunta de Galicia deberá establecer convenios de colaboración no ámbito bibliotecario coas Universidades galegas. Así mesmo, poderá establecer convenio de colaboración con outros organismos e entidades de carácter público ou privado.

Artigo 12.

1. As bibliotecas escolares son parte integrante e fundamental das actividades pedagóxicas dos centros docentes.
2. As Consellerías de Cultura e Deportes e de Educación e Ordenación Universitaria deberán establecer convenios de colaboración a fin de que as bibliotecas dos centros públicos de ensino non universitario podan ser desfrutadas pola comunidade escolar.

3. A estes efectos terase en conta a autonomía de xestión dos Consellos Escolares.

Artigo 13.

Mentres non se perxudique o normal desenvolvemento das funcións que lles son propias, as bibliotecas poderán exercer outras actividades de carácter estritamente cultural, sempre que contén coas instalacións adecuadas. Cando a dirección da biblioteca ceda as instalacións da mesma para a organización de actividades culturais, os seus promotores deberán adoptar as medidas persoais e materiais necesarias para a súa instalación e desenvolvemento.

Artigo 14.

Sen prexuízo das súas funcións propias, todas as bibliotecas ten a obriga de proporcionar os datos estatísticos e de particular nas actividades de cooperación interbibliotecaria que a Consellería de Cultura e Deportes determine.

TÍTULO IV DO PERSOAL E DA FINANCIACIÓN

Artigo 15.

1. As bibliotecas contarán con persoal coa cualificación e nivel técnico que exixan as diversas funcións que se van desempeñar, de acordo coa regulamentación que se estableza.
2. A través de cursos, seminarios, xuntanzas e outros medios que se estimen convenientes se procurará a formación permanente do persoal bibliotecario en exercicio.
3. A Xunta de Galicia establecerá os requirimentos de acceso ás prazas que convoquen as distintas entidades adscritas ao sistema bibliotecario de Galicia nos termos que se determinan na Lei 4/88, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia. Encanto ao persoal da Administración local estarase ao disposto non artigo 3.2 da citada Lei.

Artigo 16.

1. No Orzamento da Xunta de Galicia se consignarán as partidas destinadas á creación, mantemento e mellora das bibliotecas integrantes do sistema.
2. Os titulares das bibliotecas a que fai referencia a alínea 1.a) do artigo 2 desta Lei, salvo cando se trate de organismos dependentes da Xunta de Galicia, e os titulares das bibliotecas de uso público a que se refere o apartado 1.b) do mesmo artigo deberán consignar non seus presupostos ordinarios as partidas destinadas ao funcionamento das citadas bibliotecas, incluíndo, en todo caso, os emolumentos do persoal, os gastos correntes e os gastos de dotación bibliográfica. Destes presupostos darase conta aos organismos competentes da Xunta de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

As bibliotecas xa existentes, afectadas pola presente Lei, se axustarán a ela no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor do seu desenvolvemento regulamentar.

DISPOSICIÓN FINAIS.

- 1.ª A Xunta de Galicia procederá ao desenvolvemento regulamentar da presente Lei.
- 2.ª Autorízase á Consellería de Cultura e Deportes a ditar as disposicións ordinarias sobre condicións técnicas de instalacións e utilización das bibliotecas de uso público.
- 3.ª As bibliotecas de titularidade estatal radicadas en Galicia, cando sexan trasladadas á Comunidade Autónoma Galega, se incorporarán non sistema bibliotecario de Galicia de acordo cos termos convidos coa Administración do Estado.
- 4.ª Os titulares das bibliotecas integradas non sistema poderán establecer normas internas para o funcionamento das mesmas, que serán sometidas á aprobación da Consellería de Cultura e Deportes, previo informe, non seu caso, do Consello de Bibliotecas.
- 5.ª Fican derogadas todas as disposicións, calquera que sexa o seu rango, que se opoñan, total ou parcialmente, ao disposto na presente Lei.
- 6.ª Esta Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

7.ª A Xunta de Galicia, non prazo dun ano, apresentará perante o Parlamento, para a súa aprobación, un plano de desenvolvemento do sistema bibliotecario de Galicia, non que figurará a planificación temporal, de investimentos, medios e persoas para a implantación do referido sistema.